

MUDANZAS NA NORMATIVA DA ACENTUACIÓN DALGÚNS CULTISMOS¹

Henrique Harguindey Banet

Dende a aparición das primeiras *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*, promulgadas pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega en 1982, ata hoxe, fóronse producindo mudanzas na normativa da acentuación dalgúns cultismos. Algunhas das modificacións gráficas derivadas das prosódicas foron recolleitas nas sucesivas reformas normativas e outras foron chegando aos falantes mediante a súa aparición nos dicionarios, a súa aprendizaxe no sistema escolar ou a súa recepción pasiva de fontes que as incorporaron, fundamentalmente os medios de comunicación. Así, en tanto que as Normas de 1982 establecían como formas canónicas *acné, ósmose, reptil* e *textil*, as de 1995 estableceron *acne, osmose, réptil* e *téxtil* a mais de incorporaren *atmosfera, décatlon*, ou *esexese/exexese*. As de 2003 non recollen novidade ningunha neste eido, o que non debe estrañar, pois ao non se ocuparen as Normas de cuestións de prosodia e ortografía a vía de difusión das mudanzas de acento son os dicionarios, constituíndo os casos devanditos só exemplos que aparecen ao trataren outras cuestións. É nos dicionarios onde debemos procurar os cambios da normativa prosódica. Neles atopamos que, por exemplo, o desprazamento acentual de *amalgama* en *amálgama* rexístrase en 1986², o de *megalito* en *megálito* en 1997³ e o de *petroglifo* en *petróglifo* en 2004⁴.

O desprazamento acentual produciuse en todo tipo de palabras: agudas (ou oxítonas), graves (ou paroxítonas) e esdrúxulas (ou proparoxítonas).

Palabras até entón pronunciadas como agudas pasaron a graves: *acné, astur, bereber, ligur, reptil, tamil* e *textil*, grafándonse, logo, *acne, ástur, bérber, lígur, réptil, támil* e *téxtil*.

Pola súa banda, algunhas palabras graves pasaron a esdrúxulas: *aerostato, amalgama, anodino, areola, decatlon⁵ dinamo, electrodo, endocrino, foliolo, gladiolo, litote, megalito, metopa, petroglifo, ricino, roseola, rubeola, saprofito, variola* e *xeroglifo* grafándose *aeróstato, amálgama, anódino, aréola, décatlon, dínamo, eléctrodo, endócrino, foliolo, gladiolo, lítote, megálito, métopa, petróglifo, rícino, roséola, rubéola, saprófito, variola* e *xeróglifo*.

Finalmente, hai palabras esdrúxulas que pasaron a graves: *albúmina, alúmina, anémona, atmósfera, cíclope, cónclave, eséxese/exéxese, héroe, médula, omóplato, ósmose, parásito* e *tráquea* grafándose, en consecuencia: *albumina, alumina, anemone⁶ atmosfera, ciclope, conclave, esexese/exexese, heroe, medula, omoplata⁷, osmose, parasito* e *traquea*.

Malia ser moi reducido o número de palabras que variou a acentuación –unha corentena- o impacto desa mudanza non deixa de ser perceptible.

Unha primeira impresión podería facer pensar nunha certa *esdruxulización* do noso léxico culto mais a cantidade de palabras que muda para esdrúxulas e a que muda para graves é practicamente a mesma. É certo que a aquelas debemos engadir-lles os

¹ Unha versión anterior deste traballo publicouse no número 84 de *A Trabe de Ouro* (Outubro-Dembro 2010). Debido a un cruzamento nos envíos non se imprimiu estouta versión que hoxe publicamos.

² *Diccionario Xerais da Lingua*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1986.

³ *Diccionario da Real Academia Galega*. Real Academia Galega. A Coruña, 1997.

⁴ *Diccionario de Galego*. Ir Indo Edicións. Vigo, 2004.

⁵ Tamén *decatlon* ou, con acentuación aguda *decatlón/decatlón*.

⁶ Pois muda tamén a vocal final.

⁷ Pois muda tamén a marca de xénero.

plurais de palabras hoxe graves que agora fan o plural esdrúxulo (*ástures, bérberes, lígures, réptiles, támiles, téxtiles*) mais o volume deste grupo é reducido. Seguramente a impresión de *esdruxulización* ven dada polo carácter excepcional desa acentuación que fai focalizar a atención sobre delas.

Freixeiro Mato⁸ asegura que: “*A maior parte das palabras galegas, nunha proporción que pode andar próxima aos dous terzos, son paroxítonas, seguidas en importancia numérica das oxítonas; as proparoxítonas forman o grupo máis reducido e teñen normalmente unha orixe culta, pois a fonética popular móstrase contraria a tal pronuncia, tendendo a convertelas en graves (grandísimo > *grandismo).*”

A mudanza de graves para esdrúxulas –alén da incomodidade que provoca todo cambio de hábitos– precisa dun maior esforzo articulatorio, o que explica o carácter minoritario deste grupo de palabras e a resistencia ante elas.

Non son arbitrarias as razóns das mudanzas senón que responden ao criterio filolóxico da unificación galego–portuguesa na regulación dos cultismos⁹. Neste sentido, cómpre sinalar que a acentuación lusa e a española (que é a que imprimiu o seu modelo ao galego actual) son moi similares tocante ás palabras creadas por composición de dúas raíces gregas, que supoñen a metade das que mudaron en galego pronuncia e grafía. As discrepancias entre galego-portugués e español son cuantitativamente mínimas, o que non significa que pasen desapercibidas. Polo contrario, diferenzas como *monólito* fronte a *monolito*, *anódino* fronte a *anodino*, *atmosfera* fronte a *atmósfera* ou *omoplata* fronte a *omóplato* resultan impactantes.

Reaxustar a acentuación hoxe vixente en galego sobre o modelo portugués incrementaría considerablemente o número de palabras afectadas polo cambio de pronunciación. Isto aconsella que, tocante á súa oportunidade, se deban valorar tamén á par de razóns de tipo filolóxico factores sociolinguísticos.

O que si parece completamente inoportuno é que as mudanzas non se fagan de vez, despois dun estudo profundo da cuestión, senón que vaian aparecendo en sucesivas ondados, con ocasión dunha inacabable revisión da normativa ou dunha nova edición dos dicionarios de referencia. Transmítese a impresión dunha total improvisación.

Ora ben, os cambios, lóxicamente, terían que seguir producíndose.

En primeiro lugar porque a coherencia das escollas normativas xa realizadas esíxeo.

En efecto, limitándonos ás palabras compostas de dúas raíces gregas:

–se a serie formada co segundo elemento en *-lito* (en grego “pedra”) é esdrúxula, ao carón de *megálito*, *micrólito* ou *monólito* sería esperable *fotólito* e non *fotolito*¹⁰. Pola contra, non procede acentuar *teodólito*, xa que non ten a mesma orixe e é palabra grave no conxunto das linguas románicas, incluído o portugués.

–se a serie formada co segundo elemento en *-spora* (en grego “semente”) é grave, ao carón de *microspora*, *macrospora* ou *zoospora* sería esperable *cigospora* e non *cigóspora*.

⁸ Xosé Ramón Freixeiro Mato: *Gramática da lingua galega. I Fonética e Fonoloxía*. Edicións A Nosa Terra. Vigo, 1998. Páx. 230.

⁹ Nalgún caso, pola contra, a mudanza crea una diverxencia coa norma portuguesa, como en *anemone*, *lítote* e *oxímoro* fronte a *anémone/anêmona*, *litotes* e *oximoro*.

¹⁰ Sorprendentemente, o *Gran Dicionario Xerais da Lingua* (2009) reserva *fotólito* para “substancia química que se descompón pola acción da luz”, unha voz que non vemos con esta acepción nos dicionarios doutras linguas. Para o GDX *fotolito* é “Clixé fotográfico que reproduce o orixinal sobre película ou soporte transparente e que se emprega na industria da impresión”, o que o *Dicionario da Lingua Portuguesa 2009* na voz *fotólito* define máis acertadamente como “pedra ou placa de metal com imagen reproducida por fotolitografía para impressão ou transporte”.

–se a serie formada co segundo elemento en *-fito* (en grego “planta”) é esdrúxula, ao carón de *endófito*, *saprófito* ou *xerófito* serían esperables *clorófito* e *pirófito* e non *clorofito* e *pirofito*.

En segundo lugar porque se a referencia é o portugués non pode aplicarse este criterio só a unha parte do léxico aquí tratado deixando todo o resto con acentuación discrepante¹¹. Coa mesma, sería lóxico completar a reforma mudando a acentuación nas palabras creadas por composición que tivesen como segundo elemento as raíces gregas :

–*ántropo*, que pasaría a grave: *filantropo*, *misanthropo*, *pitecantropo*, etc.

–*cito*, que pasaría a formar palabras esdrúxulas: *leucócito*, *linfócito*, *monócito*, etc.

–*crata*, que pasaría a formar palabras graves: *acrata*, *aristocrata*, *burocrata*, *democrata*, etc.

–*fono*, que pasaría a formar palabras graves: *magnetofono*, *megafono*, *microfono*, *telefono*, etc.

–*pata*, que pasaría a formar palabras graves: *homeopata*, *neuropata*, *psicopata*, etc.

–*tipo*, que pasaría a formar palabras esdrúxulas: *arquétipo*, *biótipo*, *estereótipo*, *logótipo*, *protótipo*, etc.

E outras bases lexicais menos produtivas que levarían *acróbata* (composición xa existente en grego clásico), *batiscafo*, *crisantemo*, *perífrase*, *polícromo* e *políglota*, por exemplo, a mudaren en *acrobata*, *batiscafo*, *crisantemo*, *perífrase*, *polícromo* e *políglota*.

Naturalmente, cumpriría tamén revisar outras escollas feitas pola vixente normativa galega en casos como *décathlon* en prol de *decatlon* (portugués *decatlo*) ou *bérber* que sería aguda (*berber*) ou grave baixo a grafía *berbere* (portugués *berbere*) ou a recuperada *berebere*. E igualmente, recuperar a acentuación de *anémona*, *litote* e *oximoro*.

As palabras teñen a súa propia historia dentro da historia xeral dunha lingua. Algunhas impórtanse directamente en canto que outras son adaptadas con diferente criterio en diferente momento. Querer esixir total coherencia e rigor a un idioma é moitas veces matar a historia particular dos seus constituíntes.

Por iso, por exemplo, á par de *fotólito*, *megálito* e *monólito* o portugués ten *criolite*¹² e *galactite*, importacións directas do francés sen a adaptación da base orixinal grega que regularice a serie. E *míope* –en esdrúxula– rompe a serie de palabras graves co segundo elemento en *-ope* (do grego *-ops* “ollo”): *ametrope*, *ciclope*, *hipermetrope*, etc.)

A importación e a creación de palabras mostra vacilacións que ocasionalmente tardan en se disipar optando por un modelo único. E mesmo, por veces, aínda que a norma estableza unha forma canónica, ten que pasar tempo para que o uso da palabra chegada por vía culta ou a través dunha lingua estranxeira vaia callando entre os falantes. Estes poden vacilar optando na pronunciación por formas analóxicas ás de palabras xa usadas por eles: *hectólitro*, *milígramo* e *telégrama* seguen a pronuncia de *hectómetro*, *milímetro* e *teléfono*. Noutros casos a lingua estranxeira que transmite a palabra marca tamén a súa pronunciación, que pode ser aceptada ou non pola normativa da lingua receptora. Así, en español, ante os pares *rádar* / *radar* e *magnetofón* /

¹¹ Todas as palabras portuguesas aquí citadas proceden do *Dicionario da Lingua Portuguesa 2009*. Porto Editora. Porto, 2008.

¹² Forma que tamén aparece no *Gran Dicionario Xerais da Lingua* (2009).

magnetófono a Academia Española¹³ opta polas segundas formas, *radar* (pronunciada como palabra aguda) e *magnetófono* cualificando *magnetofón* de “coloquial”¹⁴, e nas palabras formadas co segundo elemento en *-topos* (en grego “lugar”) a normativa é contraditoria: por unha banda acepta a dobre pronunciación esdrúxula/grave en *isótopo/isotopo* mais pola outra establece como únicas formas autorizadas *radioisótopo* (esdrúxula) e *biotopo* (grave). Porén outras veces, a mesma institución acepta as dúas variantes dando opción a os falantes escolleren: é o que acontece con *alvéolo / alveolo*, *electrólisis / electrolisis*, *isóbara / isobara*, *paradisíaco / paradisiaco*¹⁵ ou *período / periodo*.

En galego, as formas rexistradas no *Gran Diccionario Xerais da Lingua* (2009) son únicas: *alvéolo*, *biótopo*, *celíaco*, *hectolitro*, *isóbara*, *isótopo*, *magnetófono*, *paradisiaco*, *período* e *radioisótopo*. Practicamente todas esdrúxulas. Coincide niso co portugués, non sendo na opción deste por *magnetofone* (en concordancia con *telefone*, *microfone*, etc.) e na existencia de *paradisico* como variante alternativa de *paradisíaco*.

Con todo, as formas alternativas tamén se atopan rexistradas algunhas veces nos dicionarios galegos. Así *alveolo* é a forma que rexistra a Academia Galega no seu dicionario inconcluso publicado en fascículos a comezos do século XX¹⁶ e *hectólitro* é a forma que figura no de Eladio Rodríguez González¹⁷ ao carón de *hectógramo* e *hectómetro*.

As reformas na normativa das linguas deben ter en conta fundamentalmente razóns filolóxicas mais non deben esquecer os factores sociolingüísticos, maiormente no caso de linguas ameazadas nas que os seus falantes se amosan moi inermes e calquera factor de distorsión pode ter un efecto contrario para a súa normalización. A diglosia que sofre a sociedade galega atopa argumentos contrarios ao uso normalizado da nosa lingua tales como que *se crea un galego artificial*, que *é un aportuguesamento caprichoso* ou que *andan a cambiar as normas constantemente*, para concluír que o mellor é utilizar o español, lingua na que, ademais, *non hai cambios*.

Estes argumentos son ben vellos e xa foron rebatidos abondo. Son argumentos falaces e interesados, esgrimidos polos inimigos da normalización do noso idioma. O que non significa que sexan inmotivados, pois como todos os lugares comúns baséanse en feitos non carentes sempre de base real. E a súa persistencia atopou por veces entrada en camadas galegofalantes sorprendidas ante una lingua algo diferente da súa e ante a modificación de usos castelanizados.

O establecemento dunha normativa vai ligado á creación de institucións con autoridade na materia, e particularmente á consecución dun status político por parte da nosa lingua. E non se poden sandar nun brevísimo tempo os devastadores efectos de varios séculos de desprotección e asilvestramento. A normalización/normativización precisa da elaboración de toda unha estratexia moi meditada, coa maior implicación posible da sociedade e a disposición de medios que transmitan, publiciten e apoiem as mudanzas e as súas razóns. E a normativa non pode estar en perpetua modificación. Pode, iso si, irse elaborando por segmentos, mais cada un deles debe ter unha perspectiva de longa duración.

¹³ *Diccionario de la lengua española*. Vigésima segunda edición: <http://www.rae.es/rae.html> [última consulta 27/12//2010]

¹⁴ De igual xeito que reconduce o case unánime *saxofón* enviando a *saxófono*.

¹⁵ Outros casos nos que a Academia Española acepta a dobre pronunciación *-íaco/-iaco* son *afrodisiaco/afrodisiaco*, *amoniaco/amoniaco*, *cardiaco/cardiaco*, *celiaco/celiaco* e *policiaco/policiaco*.

¹⁶ Real Academia Gallega: *Diccionario Gallego-Castellano*. Cuaderno 9. Litografía e Imprenta Roel. Coruña, 1918.

¹⁷ Eladio Rodríguez González: *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*. Tomo II. Editorial Galaxia, Vigo, 1960.

En canto non chega unha revisión conxunta da prosodia e da ortografía galega (ou, cando menos, a do tipo de palabras das que aquí tratamos) conviría, se cadra, limitar as mudanzas definitivas a aquelas que regularizan determinadas series (*atmosfera* ao carón de *biosfera*, *estratosfera* ou *troposfera*, *ciclope* ao carón de *miope* e *hipermetrope*), autorizando nun gran número de casos a dupla pronunciación mesmo se a normativa aconsella preferentemente unha das opcións. Esta relativa opcionalidade integradora atópase xa dende o inicio nas sucesivas normas aprobadas pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega e caracteriza o Acordo Ortográfico da Lingua Portuguesa de 1990, estando mesmo presente -aínda que en menor medida- na reforma ortográfica da lingua española recentemente aprobada.

A publicación agora do *Dicionario de pronuncia da lingua galega*¹⁸ fornécelle ao noso idioma un utilísimo material avalado pola competencia científica do equipo redactor e o abeiro institucional da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega. Sen dúbida este dicionario será referencia fundamental para, despois do axeitado estudo, establecer a prosodia e ortografía oficial da lingua galega

¹⁸ Xosé Luís Regueira (Coord.): *Dicionario de pronuncia da lingua galega*. Instituto da Lingua Galega/Real Academia Galega. A Coruña, 2010.